

EU SON EU

OBXECTIVOS

- Entender o valor da diversidade para un grupo e a necesidade de atopar puntos en común para construír unidade.
- Identificar os estereotipos como algo que nos impide coñecer realmente ás persoas, privándoas do seu dereito á identidade.

MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeo: *Eu son eu*, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/eu-son-eu-actividade-educacion-secundaria
- Papel ou notas adhesivas e material de escritura.
- Unha superficie onde fixar e expoñer os papeis.
- Ordenador e impresora.

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre o dereito da infancia para estar libre de calquera forma de violencia, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/a-salvo-na-escola-guia-do-curso

Recoñecer que a violencia non é sempre visible, senón que pode estar encuberta nos nosos usos e costumes é unha aprendizaxe moi importante durante a adolescencia. Só deste xeito poderemos actuar contra formas de violencia oculta como a pobreza, a falta de liberdade, o tribalismo, a xenofobia ou o sexismo. Os estereotipos, os prexuízos e a discriminación poden chegar a crear oportunidades para que estas formas encubertas de violencia se manifesten abertamente en violencia de xénero, pelexas entre cuadrillas, bullying ou ciberacoso. Fagamos fronte á raíz do problema: Fóra máscaras!

Preparación da actividade

Proxectamos na aula o vídeo *Eu son eu* sobre o modo no que identificamos a outros cos nosos estereotipos e prexuízos e non coas súas verdadeiras cualidades ou defectos. O vídeo pode levar a un debate na aula acerca de temas como os rumbos, as percepcións, o pensamento de grupo, a moda, a discriminación... Algunhas preguntas pódennos servir para orientar a conversación:

- Que nos quere dicir o vídeo? Cal é a súa mensaxe principal?
- Que é para ti unha máscara? Hai máscaras que nos poñemos e máscaras que nos poñen outros?
- É máis fácil ou máis difícil vivir sen máscaras? Que nos impide vivir sen elas?
- Ocórrensenos outros personaxes para este vídeo? Que outros exemplos coñecemos de máscaras na nosa contorna?
- Sabes o que é un estereotipo? En que se diferencia dun prexuízo? Axúdannos a entender a realidade ou enmascárala?
- Que gañamos cando podemos relacionarnos con calquera persoa sen barreiras?

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como en www.unicef.es/gal/educa/botrato





BEROOUND

A continuación pódese propoñer unha pequena actividade na aula para avanzar no coñecemento real dos nosos compañeiros:

- Dá a cada participante unha lista da clase cun espazo en branco á beira de cada nome.
- Pide a cada participante que escriba xunto a cada nome unha frase ou palabra que describa a esa persoa. Debe ser unha afirmación construtiva, positiva e non referida ao físico.
- Recolle as listas e recompila os comentarios que recibiu cada participante en listas separadas. Se é necesario, reelabora os comentarios nun ordenador para eliminar os que non sexan positivos e podelos imprimir e preservar o anonimato dos participantes. Podes facer unha copia persoal para que cada participante conserve a súa lista de descricións.
- Pon as listas nun lugar visible da clase e dedícase un intre para reflexionar sobre elas, prestando especial atención ao modo en que as diferenzas engaden calidades ao grupo.
- Algunhas preguntas (abertas ou para a reflexión persoal) que poden axudar son:

- Foi difícil pensar en cousas boas sobre os demais e escribilas? Por que?
- Foi máis difícil escribir algo sobre a xente que non coñeces ben? Como poderías arranxalo?
- Como te sentes lendo unha listaxe de cualidades positivas que outros ven en ti? É acertada? Coincide co que ti pensas de ti?
- En que se parecen e en que se diferencian as listas de cada persoa?
- Gústanos máis que outras persoas nos vexan iguais ou diferentes a elas?
- Ata que punto aceptamos a quen é diferente a outros? Ata que punto a contorna nos deixa ser diferentes?
- Que ocorre cando non podemos "encaixar" no que a maioría da nosa contorna considera adecuado? Que persoas consideras que "non encaixan" contigo? En que se diferencian de ti (físico, gustos, ideas, actitudes, valores...)?
- Xustificamos a violencia cara a quen é "diferente" a nós?
- Que formas de violencia que ocorren na sociedade teñen como orixe o rexeitamento ao "diferente"? (por exemplo: racismo, violencia de xénero, homofobia, violencia contra as persoas con discapacidade ou os anciáns...)
- Como podemos previr estas formas de violencia?